

COMUNICADO DA APDR NA XXXIII EDICIÓN DA SEMANA DE FILOSOFÍA DA AULA CASTELAO

Agradecer en primeiro lugar á AULA CASTELAO DE FILOSOFÍA por darnos a oportunidade –máis unha vez- de expresar as nosas ideas neste importante foro, e máis nun momento no que certos medios de comunicación facendo boa a máxima de “quen paga, manda”, optan por silenciar a nosa voz en beneficio dos intereses de ENCE.

Nun momento no que o Partido Popular, dando mostras do seu desprezo pola cidadanía da comarca pontevedresa, vén de protagonizar un dos capítulos máis escandalosos da xa longa historia do complexo industrial de Lourizán, unha decisión que non por agardada resulta menos dolorosa.

Cun goberno en funcións e un presidente absolutamente desaparecido e derrotado, que sabe que non vai revalidar o seu cargo á fronte do executivo, atrévese a conceder unha prórroga a ENCE que lle permite continuar coa súa actividade industrial na Ría durante 60 anos máis, unha decisión que non dubidamos en cualificar de socialmente inxustificábel e eticamente reprobábel. Porque nin se trataba dunha decisión urxente nin se xustifica polo interese xeral; moi ao contrario, o PP está a asegurar o interese particular dunha empresa fronte ao interese público. E o coñecido fenómeno das portas xiratorias, coa presenza de importantes persoeiros do PP como Isabel Tocino ou Carlos del Álamo en cadeiras moi ben remuneradas no Consello de Administración de ENCE, pode explicar esta decisión. Os favores, páganse!

E desde o primeiro momento fíxose patente o sentimento de indignación entre a poboación, sen distinción de clase social e ideoloxía política. Porque esta decisión supón para calquera que aspire a recuperar a Ría unha tremenda labazada, unha nova aldraxe a unha comarca que ten sufrido xa demasiados anos a presenza de ENCE-ELNOSA. Milleiros de persoas manifestáronse polas rúas de Pontevedra ben poucos días despois de coñecerse a decisión adoptada polo PP, nunha das manifestacións máis multitudinarias que se teñan celebrado nunca na nosa vila e dando mostra evidente desta indignación da que falamos e que reivindicamos. Porque esta prórroga pode supoñer a hipoteca definitiva do futuro da comarca, un futuro que ten que vir da man da explotación racional dos recursos naturais, do marisco, da pesca de baixura e do monte, e do sector turístico; un futuro que é incompatíbel coa presenza de ENCE na Ría.

Pero debemos ser conscientes de que a decisión do PP non é aínda firme; pódese revogar e desde a Asociación Pola Defensa da Ría non imos regatear esforzos para conseguilo. Témolos recorrido xa pola vía administrativa e ímolo facer pola xudicial, pois entendemos que o goberno popular, ao prorrogar a concesión de ENCE, puido ter cometido prevaricación; a existencia dun expediente de caducidade da antedita concesión impide –co Regulamento Xeral da Lei de Costas na man- que se poida tramitar a súa prórroga. E neste camiño cara a conseguir revogar esta inxusta e ilegal prórroga, vai xogar un papel fundamental a mobilización social e, xa que logo, a nosa

capacidade para conseguir manter aceso este sentimento de indignación entre a poboación da comarca.

Queremos denunciar que unha vez conseguida a prórroga, ENCE semella ter aberto a veda de caza da APDR, unha caza coa que pretende desprestixiar á nosa asociación con argumentos mentireiros e absurdos que son asumidos de forma acrítica por sectores achegados á fábrica e por certos medios de comunicación que colaboran abertamente con ela e obvian, sen o máis mínimo aceno de vergonza, as nosas posicións e respostas públicas.

Facemos un chamamento á toda a cidadanía consciente da necesidade de recuperar a Ría para o que é a súa vocación natural; a todas aquelas persoas que entenden que a recuperación dos nosos recursos naturais, da calidade de vida e a saúde, e da economía comarcal pasa pola desaparición do complexo CELULOSAS-ELNOSA e o saneamento e recuperación da nosa Ría, a apoiar as nosas reivindicacións e a expresar a súa oposición a esta prórroga participando na próxima MARCHA CONTRA CELULOSA que terá lugar a primeiros de xuño e que ten que supor un avance cualitativo e cuantitativo a respecto das últimas realizadas.

Porque a nosa comarca é a nosa Ría e a nosa dignidade coma pobo pasa pola loita activa a prol do seu saneamento e recuperación. Porque sabemos que temos a razón e porque contamos co apoio dunha amplísima maioría social. Porque o voso apoio vains seguir dando forza para continuar nesta loita, unha loita na que non sobra ninguén e que, por longa e dura que sexa, ímola gañar.

Pontevedra, 28 de marzo de 2016